

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE SETEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

PROXECTO DE LEI

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Proxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación da zona de San Salvador do Castro (Dozón-Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Guilfrei (Becerreá-Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Petín - A Portela de Portomourisco (Petín-Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado de Paradanta, unha terra entre ríos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Pontevedra para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino de Pontevedra no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, procedemento aberto e tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do contrato privado de seguro deportivo (póliza), que cubra os riscos derivados da práctica deportiva Xogade nas anualidades 2022-2024 polo importe de licitación de catro millóns trescentos vinte e tres mil oitocentos oitenta e oito euros con noventa céntimos (4.323.888,90€) e cun valor estimado de sete millóns cento trinta e catro mil catrocentos dezaseis euros con sesenta e oito céntimos (7.134.416,68€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURA E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e o proxecto de construción: 'Beirarrúa na PO-315, treito Beluso-A Chadiza'.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa da ampliación da axuda para adquirir material escolar regulada na Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso escolar 2022/23. Importe total de dous millóns catrocentos noventa mil euros (2.490.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar dunha axuda económica a Conservas Cerqueira, S.A., para a execución dos proxectos “Nova planta de transformación da pesca e a acuicultura mais sustentable a nivel produtivo, ambiental e sociolaboral”. Axuda proposta: once millóns seiscientos un mil cincocentos dezasete euros con vinte nove céntimos (11.601.517,29€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a adxudicación da licitación de compra pública precomercial (CPP) para a selección de socios estratéxicos, no marco da Civil UAVs Initiative, para a mellora dos servizos públicos a través de tecnoloxías de sistemas non tripulados.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa á elaboración do anteproxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a primeira convocatoria de axudas *XEMPRE Emprendemento*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a aprobación por parte da Consellería do Medio Rural de axudas para a creación de superficies forestais cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas a peme de transformación de produtos do mar para a mellora da estrutura produtiva e comercial. Convocatoria 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROXECTO DA LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA PERMITIRÁ ADAPTAR A NORMATIVA Á REALIDADE ACTUAL E GARANTIR UN XOGO RESPONSABLE

- O presidente da Xunta puxo en valor que, despois dunha “longa andaina”, o Consello da Xunta lle dese hoxe o visto e praxe á norma que iniciará o seu trámite parlamentario tras un proceso en que participaron todos os colectivos implicados e que se prevé que estea en vigor no 2023
- O vicepresidente segundo foi encargado de explicar polo miúdo as novidades relacionadas coa limitación na apertura de novos establecementos e o aumento das distancias respecto a centros escolares e centros de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas; así como a prohibición de publicidade nos medios públicos; e a habilitación de control de acceso
- A norma tamén recolle actuacións en materia de prevención, protección e sensibilización para protexer os colectivos máis vulnerables

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo en valor que, tras unha “longa andaina”, o Consello da Xunta aprobouse hoxe o proxecto da Lei reguladora dos xogos de Galicia que, segundo subliñou, “busca garantir a práctica responsable e coidar das máis persoas máis vulnerables”.

Rueda explicou que a normativa tiña “moito tempo, máis de 30 anos e, por tanto, precisaba unha adaptación aos tempos actuais”. “Cambiou a vida en xeral e os hábitos de xogo”, argumentou para respaldar a posta en marcha desta nova normativa, que iniciará agora o trámite parlamentario para a súa aprobación co obxectivo de que entre en vigor, segundo avanzou, o próximo ano.

A Xunta, consciente da preocupación social que se xera ao redor do xogo, puxo en marcha o novo texto legislativo coa premisa de adaptar a norma vixente desde 1985 aos tempos actuais e aos novos modelos de xogo regulando tamén un xogo responsable.

O presidente do Executivo galego remarcou o feito de que o texto comezará a tramitación parlamentaria despois dun proceso de elaboración froito “dun preceso longo de diálogo” do Goberno galego con todos os colectivos implicados. Por iso, creouse un grupo de traballo de xogo responsable en que participaron todos os sectores de xogo; a Administración autonómica nas áreas de sanidade, educación, política social e emerxencias; a universidade e asociacións de loita contra a ludopatía. Ademais, atendéronse as recomendacións de profesionais coñecedores das adiccións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co obxectivo de dar resposta aos cambios en materia de xogo nos últimos anos, a Xunta ten realizado varias modificacións da lei vixente pero a nova norma ofrecerá un novo marco xurídico situando a Galicia na vangarda da lexislación española neste ámbito. A actividade do xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha intervención por parte da Administración para ofrecer seguridade, garantir a protección dos menores de idade e das persoas que o precisen por motivos de saúde e velar pola orde pública. Nesta liña, creárase o Observatorio Galego de Xogo como órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas de xogo.

Limitación en novas aperturas, prohibición de publicidade e control de acceso

Tras a intervención de Rueda, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, foi o encargado de debullar polo miúdo o texto aprobado hoxe, do que salientou que recolle importantes “novidades” en materia de prevención, protección e sensibilización.

Deste xeito, avanzou que fixa un límite de número de establecementos e terminais de xogo que se poden instalar na comunidade ata un máximo de 2 casinos e 2 salas adicionais, 12 bingos, 118 salóns de xogo e 41 tendas de apostas. Cómpre lembrar que está vixente o decreto de 2019 que impedía a apertura de novas instalacións restrinxindo ás existentes naquel momento. Actualmente existen 114 salóns de xogo, 33 tendas de apostas, 2 casinos e 1 sala adicional e 10 bingos. En todos os casos, segundo precisou Calvo, a duración fixada para todas as autorizacións, que ata agora era indefinida, será de 15 anos.

Outra das restricións prohibe conceder préstamos ou créditos a persoas usuarias de xogos e tampouco se permitirá conceder bonificacións, partidas gratuítas ou calquera elemento que se poida trocar por diñeiro. Pola súa parte, os concellos poden aplicar outras limitacións e restricións adicionais canto á apertura de establecementos de xogo.

No caso das máquinas de xogo, o anteproxecto fixa un máximo de 2 máquinas de calquera dos tipos nos establecementos de restauración e de lecer e entretemento, isto é, máquinas de tipo A especial - aquelas que, a cambio dun prezo, poden conceder eventualmente un premio directo en diñeiro ou especie- tipo B -con prezo programado- ou terminais físicos de xogo de ámbito estatal non reservado e máquinas auxiliares de apostas. En ningún caso se permitirían en hostalaría máquinas de tipo C que son máquinas de azar exclusivas de casinos de xogo e sen límite en canto ao premio máximo que poden outorgar.

En todo caso, o número total de autorizacións para máquinas auxiliares de apostas nestes locais non poderá superar as 3.600 en toda Galicia. O número de autorizacións de explotación de máquinas de tipo B queda limitado na comunidade a un máximo de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12.000. Xunto con este máximo de autorizacións prevese a súa retirada de xeito progresivo segundo vaian pasando a baixa definitiva. A estes negocios obrigaráselles a instalar un dispositivo que impide o xogo por parte dos menores nas máquinas auxiliares de apostas.

Por tanto, reforzaranse os controis para que sexan máis efectivos. Así, segundo remarcou o vicepresidente segundo, todos os establecementos de xogo -casinos, salas de bingos, salóns de xogo e tendas de apostas- quedan obrigados a dispor dun control de acceso para evitar a entrada de menores de idade e persoas que figuran inscritas de xeito voluntario no Rexistro de Prohibidos. Os menores de idade e as persoas que teñan reducidas as súas capacidades ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente, así como as persoas con problemas de adición ao xogo ou en risco de padecelo, terán denegada a práctica e a entrada aos establecementos de xogo. Nos casinos e salas de bingo tamén se exixirá rexistro de admisión.

No Rexistro de Prohibidos figuran as persoas físicas que o soliciten de forma voluntaria coa finalidade de facer efectivo o dereito a que se lles prohiba a participación nas actividades de xogo e a entrada en todos os establecementos de xogo de Galicia. Tamén constan no rexistro as persoas que, por resolución xudicial, teñan limitado o acceso a actividades de xogo ou persoas con discapacidade suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.

Por outra banda, co obxectivo de protexer estes colectivos máis vulnerables, a nova norma prohibirá todo tipo de publicidade do xogo de competencia autonómica na radio e na televisión públicas de Galicia.

Cómpre aclarar que a Xunta só pode regular o xogo presencial, xa que o xogo online é de competencia estatal. Por iso, a norma non pode prohibir a publicidade de xogo online porque é competencia estatal. Ata a aprobación do desenvolvemento regulamentario só se permite a publicidade en prensa escrita e dos aspectos básicos do xogo sen ningún outro mensaxe que poida incitar ao xogo.

Aumento das distancias a centros de ensino e de rehabilitación

Diego Calvo tamén salientou o feito de que na nova lei estará prohibida a apertura de establecementos de xogo a unha distancia inferior a 300 metros dos centros de ensinanza regrados a menores de idades e dos centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas, e á mesma distancia de calquera outro local de xogo. Ademais, as distancias mediranse en forma radial polo que se amplían respecto aos 150 metros lineais actuais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Políticas de xogo responsable

A Xunta desenvolverá actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables. As accións preventivas dirixiranse á sensibilización, información e difusión das boas prácticas do xogo e dos posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir.

Sancións e entrada en vigor

O vicepresidente segundo andiantou tamén que as infraccións das medidas recollidas no texto suporán sancións administrativas entre os 100 e os 100.000 euros segundo se trate de casos moi graves, graves ou leves. Nos máis graves, segundo precisou, serán desde 18.001 a 100.000, aínda que apuntou que o límite máximo será de 600.000 euros cando proceda aplicar criterios de gradación co fin de que o incumprimento das medidas non resulte para a persoa infractora máis beneficioso que o seu cumprimento.

Ademais, informou de que nos casos graves e moi graves poderanse tomar medidas como a suspensión da autorización da actividade ou da explotación para máquinas de xogo, o peche do establecemento, a inhabilitación temporal ou a incautación das máquinas obxecto da infracción. En todos os casos o período máximo destas medidas será de dous anos.

Por outra banda, prevese un prazo de dous anos para que as empresas de xogo adapten as máquinas recreativas de azar, de apostas e os establecementos ao disposto da lei, mantendo os regulamentos existentes ata a súa entrada en vigor. No caso da instalación das máquinas B e de apostas nos establecementos de hostalería o prazo é dun ano antes de que perdan a súa autorización e xa non podan instalarse.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA TRES NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NOS CONCELLOS DE BECERREÁ, PETÍN E DOZÓN QUE BENEFICIARÁN MÁIS DUN MILLAR DE PROPIETARIOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que inician os procesos das zonas de Guilfrej, Petín-Portela de Mourisco e San Salvador do Castro respectivamente, que reestruturarán unha superficie total de 1.688 hectáreas
- A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas concentracións parcelarias por cada proceso con títulos entregados, coa previsión de decretar outras 17 zonas máis este ano
- Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas reestruturacións, que abarcan un total de 23.613 ha e 107.655 parcelas de 15.586 titulares
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal tres decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Guilfrej (Becerreá), Petín-Portela de Mourisco (Petín) e San Salvador do Castro (Dozón). Deste xeito, mediante a concentración global dunhas 1.688 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados máis dun millar de propietarios.

Así, cómpre sinalar que o proceso de Guilfrej (Becerreá) afectará unha superficie total 441 hectáreas, repartidas en 1.871 parcelas propiedade de 142 veciños. A parcelaria de Petín-Portela de Mourisco (Petín) reorganizará unha superficie total de 203 hectáreas, repartidas en 2.188 parcelas de 619 veciños. Por último, a concentración de San Salvador do Castro (Dozón) reestruturará unha superficie de 1.044 hectáreas repartidas en 6.328 parcelas propiedade de 383 veciños.

Desta forma, cómpre indicar tamén que estes tres novos decretos de concentración parcelaria decláranse mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Por iso, os tres procesos foron solicitados por titulares de explotacións e apoiados polos respectivos concellos. No caso da parroquia de Becerreá, hai un total de 22 explotacións, na de Petín son 24 e na de Dozón 50, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novos procesos a decretar

Estes decretos súmanse aos outros tres aprobados recentemente que porán en marcha novas concentracións parcelarias nos concellos de Baños de Molgas, Caldas de Reis e Abadín. Ademais destes seis novos procesos, a Xunta prevé decretar este ano outras 17 zonas de concentración parcelaria, que se sumarán ás cinco parcelarias decretadas no ano 2021 -as primeiras desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia- en Outeiro de Rei, Ordes, Friol e Castro de Rei.

Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas concentracións, que abarcan un total de 23.613 ha e 107.655 parcelas de 15.586 titulares. Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños), a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Así, cabe engadir que entre o ano 2020 e o que vai de 2022, a Xunta rematou un total de 23 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de case 16.600 hectáreas, beneficiando máis de 10.600 propietarios que recibiron arredor de 24.200 títulos de propiedade.

Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de reestruturación máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009, e o orzamento previsto para este 2022 é de 12 millóns.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Así, na nova lei apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS SINATURAS DOS CONVENIOS COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE SENDOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE EN DESTINO POR IMPORTE DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS

- O “Plan de sustentabilidade turística en destino cidade de Pontevedra” engloba actuacións como a continuación da Vía Verde do Salnés no concello, a creación de Pontevedra Capital Gastro e a creación dun observatorio turístico
- O proxecto “Condado Paradanta – Unha terra entre ríos” financiará actuacións como a elaboración dun club de produto da lamprea, a creación do primeiro museo ao aire libre da Festa do Corpus Christi en Ponteareas e a posta en marcha dun centro BTT

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dos convenios de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución de sendos plans de sustentabilidade turística en destino no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de 3,5 millóns de euros.

O Concello de Pontevedra presentou o proxecto “*Plan de sustentabilidade turística en destino cidade de Pontevedra*”, que conta cun orzamento de 2 millóns de euros e engloba actuacións como a continuación da Vía Verde do Salnés no concello de Pontevedra, o programa de iluminación de espazos naturais, a conexión da cidade con parques forestais, actuacións de márketing dixital, Apps e redes sociais. Ademais, inclúe a creación de Pontevedra Capital Gastro, sinalización, e a posta en marcha dun observatorio turístico e formación para o sector turístico.

Por outra banda, grazas ao convenio coa Deputación de Pontevedra destinaranse 1,5 millóns de euros para o proxecto “*Condado Paradanta – Unha terra entre ríos*”, en que se engloban actuacións como a elaboración dun plan director da contorna do Castelo de Vilasobroso, traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos, un plan de iluminación eficiente do patrimonio e un plan integral de mobilidade do destino GDR Condado Paradanta. Inclúese tamén a creación do primeiro museo ao aire libre da Festa do Corpus Christi en Ponteareas, a elaboración dun club de produto da lamprea, a recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea, ademais da creación dun centro BTT.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, co fin de beneficiar tanto os ditos destinos turísticos, como os axentes sociais e os operadores privados do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROTEXERÁ A ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA E ESCOLAR DOS RAPACES E RAPAZAS DO PROGRAMA XOGADE CUNHA PÓLIZA DE 4,3 MILLÓNS DE EUROS ATA 2024

- A prima anual media será de 2,16 millóns de euros (2.161.944,45 euros), un 21,5 % máis que a prima media anual de 2022 (1,78 millóns de euros)
- A edición da tempada pasada 2021/2022 registrou un total de preto de 156.000 participacións nas diferentes modalidades de Xogade grazas á participación de 117.000 rapaces e rapazas de toda Galicia, o que representa que pouco a pouco se van recuperando as cifras de participación pre-pandemia

O Consello da Xunta aprobou a contratación pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dunha póliza de seguro colectivo para cubrir os riscos derivados da práctica deportiva, con motivo da participación no programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar, da Secretaría Xeral para o Deporte, tanto nas actuacións do ámbito federado como do escolar, en favor dos compoñentes do colectivo asegurado no período 2022-2024.

En total, a póliza que se contratará terá un valor por importe de 4,3 millóns de euros (4.323.888,90 euros) ata 2024, isto é, as tempadas 2022-2023 e 2023-2024, cunha prima anual media de 2,16 millóns de euros (2.161.944,45 euros), un 21,5 % máis que a prima media anual de 2022 (1,78 millóns de euros).

O Programa Xogade (Xogos Deportivos Galegos en Idade Escolar) agrupa toda a oferta deportiva e lúdica promovida pola Administración galega (escolar e federada) co obxectivo de levar a actividade a todos os concellos e brindarlle á rapazada a posibilidade de practicar e competir cos clubs e centros educativos de toda a comunidade galega. A edición da tempada pasada 2021/2022 registrou un total de preto de 156.000 participacións nas diferentes modalidades de Xogade grazas á participación de 117.000 rapaces e rapazas de toda Galicia, o que representa que pouco a pouco se van recuperando as cifras de participación pre-pandemia.

Na próxima tempada, 2022/2023 as disciplinas convocadas dentro da actividade deportiva escolar de Xogade serán un total de 15: atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, campo a través, dúatlon, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, tenis de mesa, voleibol, xadrez e xogando co atletismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na tempada 2022/2023 adheríronse 37 federacións ao programa *Xogade*: atletismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol e sóftbol, birlos, boxeo, ciclismo, deporte autóctono (modalidade deportiva de billarda), esquí náutico, fútbol, halterofilia, hípica, hóckey, judo e deportes asociados, karate e disciplinas asociadas, kickboxing e muay thai, kung-fu, loita e disciplinas asociadas, motociclismo, natación, orientación, pádel, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, triatlón e péntatlon moderno, voleibol, xadrez e ximnasia.

Ademais, na convocatoria xa publicada no *Diario Oficial de Galicia* propóñense outras actividades ao abeiro do programa *Xogade* como: *Coñece o meu club*, para facilitar aos centros educativos que se poñan en contacto coas entidades da súa contorna; *Proxecto de vida activa e deportiva* (PVAD), encamiñado a aumentar a actividade física saudable dos escolares; *Xogando coa auga e co vento*, que dá cabida a proxectos cos que achegar os escolares galegos á natureza a través de deportes acuáticos; *Xogos tradicionais e populares*, cara á contribución ao seu arraigo na poboación escolar; así como actividades de promoción de escalada e piragüismo-dragóns entre outras modalidades que se poderán incorporar ao longo da tempada como breaking, deportes alternativos e tradicionais, parkour, remoergómetro...

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2021 GALICIA CUMPRIU UN ANO MÁIS COS OBXECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO SEU ORZAMENTO

- Destaca que os datos avalan a “boa xestión” do Executivo autonómico que permite “baixar impostos e manter a calidade dos servizos”
- Resalta que a Comunidade galega rematou o exercicio cun déficit do 0,15 % do PIB, cumprindo co obxectivo recollido no orzamento, “a pesar da situación excepcional derivada a pandemia”
- Galicia pechou o ano cunha taxa de endebedamento do 18,5 % sobre o PIB
- Volveu a reducir a súa ratio de débeda/PIB, e é a 3ª Comunidade de réxime común con menor ratio de débeda
- En 2021 a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro por riba do 95 %, que superou o 105 % nos gastos correntes
- O aforro bruto acadou os 864 millóns de euros e axudou a que Galicia fose a comunidade que dedicou máis recursos a investimentos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou na súa reunión desta mañá a Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2021, que demostra “a boa xestión” do Executivo autonómico, o que permite “baixar impostos e manter a calidade dos servizos”.

En concreto, Rueda resaltou que a Comunidade cumpriu os obxectivos de déficit e de débeda pública recollido no seu orzamento, “a pesar da situación excepcional na que vivimos derivada da pandemia”. O Goberno galego pechou o exercicio cun déficit do 0,15% do PIB –moi por debaixo “do 1% como máximo fixado”, sinalou- e cunha taxa de endebedamento do 18,5%.

Ademais, o titular da Xunta resaltou que “Galicia segue a ser das comunidades que tarda menos en pagar aos provedores” e salientou que a Comunidade galega fose “líder en investimentos no 2021, con case o dobre de gasto” que a media autonómica.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado, presentou hoxe no Consello da Xunta esta conta xeral, en que se indica que o resultado de Galicia en termos de contabilidade nacional cumpre co obxectivo fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) para todas as administracións autonómicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, na Conta Xeral pódese apreciar que Galicia, tal e como avanzou o presidente da Xunta na rolda de preense, non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que liderou o tempo de pagamento a provedores. En concreto, durante o 2021 o período medio de pagamento de Galicia foi de 15 días, fronte aos 25 de media das comunidades autónomas, o que confirma que Galicia pagou de media as súas facturas case na metade de tempo que o conxunto das comunidades.

Desta forma, a Xunta de Galicia, un exercicio máis, é quen de compatibilizar altos niveis de execución, con grandes esforzos investidores e un áxil pagamento aos provedores.

A Conta Xeral mostra que en 2021 a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 95,2 %, un indicador aínda maior -do 105,8 %- no gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e no eido dos servizos sociais.

A Conta Xeral de 2021 tamén reflicte que Galicia acadou un aforro bruto de 864 millóns de euros, que permitiu incrementar o grao de investimentos da Comunidade Autónoma sen recorrer ao endebedamento.

O máximo esforzo investidor

Galicia foi en 2021 a comunidade autónoma líder en investimentos. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, Galicia foi o pasado ano a comunidade con maior esforzo investidor -un 21,6 % do gasto non financeiro-, fronte ao 11,6 % de media autonómico.

Con estes indicadores, o Executivo galego reafirma a súa aposta por un modelo de crecemento baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE NA ESTRADA PO-315 AO SEU PASO POLA PARROQUIA DE BELUSO, NO CONCELLO DE BUEU

- Autoriza as expropiacións para executar unha nova beirarrúa de 2 metros de ancho e de 600 metros de lonxitude pola marxe esquerda da vía, que conectará as existentes na Achadiza e na Rúa Nova de Abaixo
- As obras suporán un investimento autonómico de preto de 340.000 € e prevense licitar este ano para a súa execución en 2023
- Ampliarase a plataforma deste tramo da PO-315 e habilitaranse paradas de autobús con refuxio en ambas as dúas marxes á altura do quilómetro 2+500
- Tamén se mellorará a drenaxe da estrada, modernizaranse os servizos, renovarase a capa de rodaxe nas zonas deterioradas e procederase á estabilización dun noiro nunha curva cunha pendente moi vertical
- Tras análise das achegas recibidas, incorpórase ao proxecto a execución dun muro de contención entre os puntos 2+490 e 2+535 da marxe dereita da estrada, limitando así a ocupación de terreos privados e repoñendo os accesos a varias parcelas
- A intervención dá continuidade aos proxectos de reforzo da seguridade viaria e de acondicionamento de espazos peonís impulsados polo Goberno galego en Bueu

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da seguridade viaria e da mobilidade na estrada autonómica PO-315, ao seu paso pola parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu.

O investimento que o Goberno galego destinará á construción dunha nova beirarrúa nesta vía autonómica, no treito comprendido entre os lugares da Achadiza e da Rúa Nova de Abaixo, roldará os 340.000 euros, incluíndo o pagamento dos 8 predios necesarios para a execución da intervención.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego, leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta nova intervención no municipio pontevedrés.

Máis concretamente, a actuación prevé a construción dunha beirarrúa de formigón dunha anchura de dous metros pola marxe esquerda da PO-315 nun treito duns 600 metros de lonxitude, que conectará as beirarrúas existentes nos núcleos da Achadiza e da Rúa Nova de Abaixo, entre os puntos quilométricos 2+150 e 2+750.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, ampliarase a plataforma da estrada e instalaranse paras de autobús con refuxios en ambos os laterais da vía, á altura do punto 2+500.

Os traballos incluírán a mellora da drenaxe e a adecuación e modernización dos servizos existentes nese treito, ademais da renovación da capa de rodaxe naquelas zonas da estrada que teñan o firme deteriorado.

Tamén se procederá á estabilización do noiro de desmonte existente na curva entre os puntos quilométricos 2+580 e 2+660. Actualmente o noiro ten unha pendente moi vertical e proxéctase a escavación necesaria para tendelo e que sexa así máis estable.

Tras a análise das achegas recibidas, incluíuse no proxecto a execución dun muro de contención entre os quilómetros 2+490 e 2+535 da marxe dereita da estrada, limitando a ocupación de terreos privados e repoñendo os accesos a varias parcelas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto licitar as obras e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no último trimestre deste ano, para a súa execución no ano 2023. O prazo de execución dos traballos é de seis meses.

Esta nova actuación no Concello de Bueu dá continuidade aos proxectos de reforzo da seguridade viaria e de acondicionamento de espazos peonís impulsados pola Xunta neste municipio do Morrazo.

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA D

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 50 % AS AXUDAS ÁS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS PARA A COMPRA DE MATERIAL ESCOLAR

- Cada alumno que xa recibira o vale de 50 €, obterá agora outro adicional de 25 € sen facer ningún trámite adicional
- Máis de 90.000 alumnos beneficiáanse do vale de 75 €, que será entregado tamén a calquera outro estudante que se incorpore durante o curso e teña dereito a ela
- O Goberno galego amplía a partida de 5,5 M€ prevista inicialmente para este fin ata case 8 M€ para así contribuír a paliar á alza dos prezos pola inflación
- En conxunto, o 75 % das familias reciben apoio por parte da Xunta para adquisición de libros de texto, libro electrónico ou material escolar

O Consello da Xunta aprobou hoxe ampliar un 50 % as axudas de material escolar para o alumnado galego. Deste xeito, o importe percibido polas familias da Comunidade incrementábase desde os 50 € iniciais ata os 75 € que percibirán por cada neno. Para posibilitar este aumento, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades incrementa en 2,5 M€ os fondos para este fin, que pasan de 5,5 M€ a case 8 M€.

As familias que xa foron beneficiarias do vale de 50 € para a adquisición de material escolar non terán que realizar ningún trámite. Unicamente terán que recoller o vale adicional de 25 € no centro a partir do día seguinte á publicación desta ampliación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Por outro lado, o alumnado que se incorpore ao sistema educativo galego durante o curso, ata o 31 de marzo de 2023, e que teña dereito a recibir esta axuda, tamén poderá solicitala, beneficiándose deste xeito dos 75 € totais.

Beneficiaránse destas axudas máis de 90.000 alumnos, unha cifra que se poderá incrementar se se incorporan novos estudantes ao sistema educativo galego nos próximos meses procedentes doutros países ou comunidades autónomas.

Aforro de 107M€ ás familias

O obxectivo é contribuír a paliar á alza dos prezos xerada pola inflación que se está a vivir. En conxunto, o 75 % dos alumnos galegos reciben axudas da Xunta para libros de texto, libro electrónico ou material. Esta nova medida enmárcase nas distintas medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para aforralles este curso ás familias 107 M€ e que chegan tamén a outros ámbitos como os comedores ou as taxas universitarias.

Cómpre salientar que o programa da Xunta de Galicia de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar é un dos máis xustos do Estado, dado que vai en función da renda familiar, beneficiando máis aos que menos teñen. En concreto os vales

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de material van dirixidos ao alumnado matriculado en Educación Primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €. O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta e o de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % recibe esta axuda con independencia da renda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA ATA O 50 % DE MEDIO CENTO DE PROXECTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DOS PRODUTOS DO MAR

- O Executivo galego subvenciona con máis de 19,5 millóns de euros actuacións para mellorar a eficiencia enerxética deste sector, reducir o impacto no ambiente, promover a innovación e mellorar as condicións de traballo e seguridade
- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2022 destas achegas cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
- Entre as axudas aprobadas polo Goberno autonómico destaca unha para a empresa Conservas Cerqueira, S.A. por importe de 11,6 millóns de euros para a posta en marcha dunha planta de fabricación e comercialización de conservas de peixe e marisco

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura en que se inclúe a aprobación de 47 proxectos impulsados polo sector por un importe de máis de 19,5 millóns de euros para distribuír entre as anualidades 2022 e 2023. Con estas achegas a Xunta aporta o 50 % do importe subvencionable de cada un deles, polo que o investimento total para acometer melloras nas instalacións destas empresas é de arredor de 40 millóns de euros.

Entre as accións que son obxecto de apoio con estas achegas cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesado de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas deste sector e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Proxecto destacado

Entre os 47 proxectos aprobados na convocatoria deste ano destaca un promovido pola empresa Conservas Cerqueira, S.A. que conta cunha axuda por importe de 11,6 millóns de euros para un investimento total de máis de 23 millóns de euros. A achega, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, é para a construción dunha nova planta dedicada á fabricación e comercialización de conservas de peixe e marisco en Rianxo.

O proxecto suporá o traslado da actividade da empresa a estas novas instalacións e a instalación de novo equipamento de alta tecnoloxía, o que permitirá que se poidan facer con medios técnicos procesos que na actualidade se realizan de xeito manual. Tamén suporá unha mellora nos procesos pois poderase realizar en paralelo a produción de conserva de mexillón e berberecho (actualmente comparten a mesma liña) e favorecerá a posibilidade de introducir novas liñas de produtos no futuro. Ademais estas innovacións contribuirán a mellorar a seguridade alimentaria e as condicións hixiénico-sanitarias das instalacións, que permitirán obter un produto de maior valor engadido que o actual.

De feito, as novas instalacións contarán con sistemas de climatización e ventilación de última xeración, de reutilización e tratamento de augas, de preparación e empaque, con caldeiras, cámaras de conxelado e refrixerado e instalarase enerxía fotovoltaica, entre outros aspectos.

Incluindo os proxectos aprobados nesta convocatoria, desde 2016 beneficiáronse destas axudas 330 iniciativas de empresas de transformación de produtos do mar por valor de máis de 95 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA SELECCIONA A AIRBUS, BABCOCK E TELESPAZIO COMO NOVOS SOCIOS ESTRATÉXICOS E TECNOLÓXICOS NO POLO AEROESPACIAL DE GALICIA QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO PÚBLICO-PRIVADO DE 283M€ E A CREACIÓN DE MÁIS DE 400 EMPREGOS ATA 2026

- Destaca a alianza con “tres compañías de recoñecida traxectoria internacional” nunha área estratéxica para Galicia
- Explicou que suporá o desenvolvemento de máis de 40 proxectos de I+D no eido dos sistemas non tripulados con 49,8 millóns de euros achegados pola Xunta e 233 polo tecido empresarial
- Airbus -referente do sector aeroespacial en Europa- e Telespazio -integrada en Leonardo & Thales Group, lider en solucións de alta tecnoloxía aplicadas a defensa, aeronáutica, seguridade, transporte e espazo- chegan a Galicia como socios tecnolóxicos da Xunta atraídos por un ecosistema xa consolidado Babcock, que desenvolveu un programa conxunto de I+D coa Xunta no período 2015-2020 e que dispón de instalacións dedicadas á I+D no eido dos UAVs no Parque Tecnolóxico e Industrial de Rozas, apuntala a súa presenza na Comunidade
- O 64% dos fondos públicos investiranse en contratación de empresas galegas, universidades e centros tecnolóxicos
- Galicia xa ten en execución 87M€ de fondos públicos no Polo Aeroespacial

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá da selección de Airbus, Babcock e Telespazio como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia. “Trátase dunha alianza con tres compañías de recoñecida traxectoria internacional” nunha área estratéxica para a nosa comunidade, indicou Rueda, que destacou que esta colaboración “permitirá contar con 283M€ de investimento público-privado e crear máis de 400 empregos ata 2026”.

O Polo Aeroespacial de Galicia é unha folla de ruta para os vindeiros catro anos que busca impulsar a investigación e a implantación de empresas do sector na comunidade galega.

En concreto, o titular do Executivo autonómico informou de que a sinatura dos acordos de asociación con estas compañías suporá o impulso de 40 proxectos de I+D no eido dos sistemas non tripulados con 49,8M€ de fondos públicos e 233 do tecido empresarial. Ademais, o 64% dos fondos públicos investiranse en contratación de empresas galegas,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

universidades e centros tecnolóxicos. A fórmula empregada é a da Compra Pública Precomercial, coa que o Goberno galego consegue un dobre obxectivo: mellorar a eficiencia dos servizos públicos e validar, testar e ser o primeiro cliente das solucións e produtos desenvolvidos polas empresas e centros de coñecemento, permitíndolles un mellor posicionamento no mercado global.

Deste xeito, Airbus, referente do sector aeroespacial en Europa, chega a Galicia cunha iniciativa que inclúe 20 proxectos de I+D cunha mobilización público-privada de 242,6 millóns de euros -dos que 28,7 serán achegados pola Xunta de Galicia- e a creación de 168 empregos directos. "Os proxectos centraranse no desenvolvemento de sistemas de propulsión de reducido impacto ambiental ou plataformas multioperacións para vehículos non tripulados", indicou Rueda.

Pola súa parte, Babcock consolida a súa presenza no Polo Aeroespacial xunto con Telespazio compañía pertencente á multinacional franco-italiana Leonardo & Thales Group, líder mundial na operación de servizos aeroespaciais -que se incorpora- para desenvolver un programa conxunto que dea resposta ao reto da observación e xestión da biodiversidade que mobilizará 40,6M€ (21,18M€ procedentes da Xunta de Galicia e de fondos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia). En concreto, avanza a creación de tecnoloxías baseadas en vehículos non tripulados para a xestión, vixilancia e monitorización da biodiversidade. Agárdase, ademais, a creación de 236 postos de traballo.

Froito do procedemento de diálogo que se desenvolveu ata o pasado mes de xullo aprobouse un listado de programas de interese preferente, presentados por sete empresas. Aínda que agora se elixen as iniciativas de tres delas, todos os programas están preparados para comezar a desenvolverse no caso de recibir fondos europeos, polo que Galicia non renuncia a seguir incorporando novos programas de I+D e novos socios.

Esta licitación é unha das primeiras actuacións que se activaron no marco do Plan Estratégico 2021-2025 do Polo Aeroespacial, folla de ruta que xa ten en execución 87M€ de fondos públicos e 233M€ en fondos privados con medidas como o Galaxy Lab, o desenvolvemento dunha infraestrutura de simulación e doutra de telecomunicacións avanzadas 5G, a firma dun convenio co Consorcio Aeronáutico Gallego, as novas convocatorias da Business Factory Aero ou o programa para as vocacións científico-tecnolóxicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O COMEZO DOS TRÁMITES PARA A ELABORACIÓN DUNHA LEI PIONEIRA EN EUROPA QUE PROMOVERÁ A INCLUSIÓN E ACCESIBILIDADE DA CULTURA

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao inicio das actuacións administrativas da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- O Goberno autonómico considera oportuno e necesario elevar a rango de lei as pautas para impulsar o acceso e a participación activa na cultura sen barreiras
- Buscará facilitar a creación e xeración de produtos e o acceso e consumo cultural
- Tamén conciliará a cultura coa realidade de colectivos en risco de exclusión social, afondará na redución da fenda dixital e no impulso da cultura nos eidos rurais
- O primeiro paso autorizado hoxe é a consulta pública previa para recoller a opinión de calquera persoa, logo de terse celebrado sete reunións con medio cento de colectivos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, valorou que Consello da Xunta dese hoxe luz verde ao inicio dos trámites para a elaboración da futura Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. "A nosa comunidade será pioneira no impulso dunha cultura sen barreira", enfatizou.

Rueda precisou que o primeiro paso, autorizado hoxe, foi a apertura de consulta pública previa, que ten por obxecto recoller a opinión da cidadanía, organizacións e asociacións antes da elaboración dun proxecto normativo.

Esta normativa é unha lei pioneira en España e no resto de Europa, xa que a maioría das normas aprobadas en materia de accesibilidade e inclusión non teñen rango de lei e están orientadas desde unha perspectiva eminentemente social. Así, no ámbito específico da cultura, a Xunta de Galicia considerou oportuno e necesario deseñar unha norma e elevala a rango de lei que se centre en impulsar a participación activa de todo tipo de persoas e colectivos nas manifestacións culturais, ao tempo que se favorece o seu acceso sen ningún tipo de barreira.

Participar e crear

O presidente da Xunta salientou que un dos aspectos máis destacados desta nova lei é que abarcará as dúas direccións de relación das persoas coa cultura, tanto na vertente creativa e xeradora de produtos e servizos culturais, como a vertente de acceso e consumo destes produtos e servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda apuntou que esta normativa nace para conciliar a cultura coa realidade de diferentes colectivos e en risco de exclusión social, achegando a cultura a todas as persoas. Tamén fixo fincapé en que “rachará a fenda dixital, especialmente nos eidos rurais”. Deste xeito, segundo explicou, buscarase que as administracións públicas teñan en conta a estrutura territorial de Galicia á hora de planificar as programacións culturais, “para que cheguen a todo o territorio, especialmente ás zonas rurais”, en colaboración e diálogo coas entidades privadas e asociativas.

Ao mesmo tempo, estenderá a súa aplicación a calquera tipo de formato ou manifestación cultural tendo en conta a diversidade social e o territorio de Galicia ao tempo que permitan acadar unha maior participación de colectivos que, polas súas características, teñan máis dificultades para participar activamente nas actividades de creación cultural. Preténdese, ademais, reforzar ferramentas no ámbito da colaboración ou da cooperación e da difusión e tamén levar a cabo actividades de sensibilización e de formación, polo que tamén se fará fincapé na investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica e dixital para acadar solucións que propicien unha mellora da accesibilidade universal.

Teatro inclusivo no Centro Dramático Galego

O impulso dado hoxe no Consello da Xunta dá continuidade aos traballos levados a cabo polo Goberno autonómico, que no último ano estivo avanzando no deseño desta normativa. De feito, nos últimos meses celebráronse contactos con distintos colectivos, nun total de sete reunións con medio cento de entidades como primeiras tomas de contacto.

De feito, o presidente do Executivo galego apuntou que a Xunta xa está avanzando na accesibilidade da cultura a través de varias iniciativas. A máis recente, segundo concretou, é o sistema pioneiro de teatro inclusivo posto en marcha polo Centro Dramático Galego que permite dispoñer en todas as funcións de interpretación en lingua de signos, subtítulos e audiodescrición, que se suma ás sesións descontraídas, con condicións de son e luz especiais para persoas con pouca tolerancia a espazos pechados, aos ruídos ou á escuridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON ATA 30.000 EUROS INVESTIMENTOS REALIZADOS POR PEMES, AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL COA NOVA LIÑA 'XEMPRE EMPRENDIMENTO'

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, informou hoxe do lanzamento destes novos apoios por un orzamento de 2,8 M€
- As achegas permitirán financiar, entre outros, gastos derivados da adquisición de equipamentos informáticos, mobiliario, reforma de locais ou de eficiencia enerxética realizados desde o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de curso da solicitude
- O Goberno galego está a impulsar as iniciativas emprendedoras para incrementar a súa actividade e competitividade e contribuír a xerar máis e mellor emprego

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activará unha nova liña de apoios -Xempre Emprendemento- para axudar cos gastos asumidos polas iniciativas empresariais máis recentes e contribuír, deste xeito, a mellorar a súa competitividade.

O departamento informou hoxe o Consello da Xunta do investimento de máis de 2,8 M€ nun novo programa de achegas -que mañá se publicará no *Diario Oficial de Galicia*- do cal se poden beneficiar pemes, persoas traballadoras autónomas, sociedades cooperativas e laborais, que teñan iniciada a súa actividade desde o 1 de xaneiro de 2020 (ou máis tarde) e permanezan en activo.

A través da liña Xempre Emprendemento outorgaranse axudas para financiar investimentos realizados polas entidades entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data da solicitude. Cubriranse, deste xeito, investimentos xa realizados (debidamente xustificados mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou adquisición de equipos de segunda man para o negocio, entre outros.

Os pagamentos variarán en función da intensidade do investimento realizado. Irán así dun mínimo de 3.000 euros para o mínimo investimento financiable (de 5.000 euros) ata os 30.000 euros para o máximo (100.000 euros).

Con esta política, a Xunta contribuirá a impulsar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, á súa competitividade, e ao mantemento de empregos de calidade, á vez que se fai efectivo o compromiso asumido

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade ao crear a nova Dirección Xeral de Emprendemento de impulso á actividade empresarial.

As axudas sairán publicadas no DOG de mañá, 30 de setembro, e o prazo de solicitude estará vixente ata o próximo 30 de outubro.

Xempre Emprendemento -inserido na estratexia Xempre Contigo da área de Promoción do Emprego e Igualdade- avoga pola visibilización das fortalezas do emprendemento como fórmula de éxito en Galicia. Trátase de favorecer a iniciativa empresarial no territorio e as políticas de apoio aos traballadores autónomos e á economía social.

Un dos eixos de traballo consiste na posta en marcha da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, que suporá o despregue de 12 centros distribuídos por toda a comunidade para avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios onde se radican. Co polo de Verín (Ourense Centro e Sur) e de Silleda (Pontevedra Norte e Rías Baixas) xa en marcha -e o de Coristanco (Costa da Morte) a piques do seu estreo-, a Xunta de Galicia iniciou xa unha nova forma de emprender, baseada no acompañamento ás persoas que queren desenvolver unha idea de negocio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA CASE 4,5 M€ EN AXUDAS PARA A PLANTACIÓN DE ARREDOR DE 2.500 HECTÁREAS DE FRONDOSAS E CONÍFERAS NOS MONTES GALEGOS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a resolución da orde de achegas convocada o pasado mes de febreiro, que sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* cun total de 150 beneficiarios
- Cómpre destacar que máis dunha quinta parte destes expedientes prevén a transformación de terreos con eucalipto ou acacia negra en masas de coníferas ou de frondosas, acadando neste caso unha superficie de actuación de case 130 ha
- Mediante esta liña de subvencións procúrase favorecer o aumento da diversidade e da superficie forestal arborizada ao tempo que se avanza na anticipación aos incendios, dando cumprimento aos obxectivos do Plan forestal de Galicia 2021-2040
- Nos últimos sete anos, a Xunta investiu máis de 33 millóns de euros en axudas para plantar con frondosas e coníferas arredor de 18.500 hectáreas en toda Galicia

A Consellería do Medio Rural aprobou case 4,5 millóns de euros en axudas para que un total de 150 beneficiarios poidan plantar en arredor de 2.500 hectáreas coníferas e frondosas como piñeiros, carballos, castiñeiros e nogueiras, entre outras especies. Segundo consta nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, mañá publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da orde de achegas convocada o pasado mes de febreiro, que ao ser bianualizada asegura unha necesaria continuidade na actividade e no emprego xerado polas empresas de servizos do sector forestal de Galicia. Así mesmo, os traballos incluídos nos expedientes aprobados suporán empregar máis de 2,5 millóns de unidades de planta, o que suporá un importante impacto positivo nos viveiros da comunidade.

Cómpre destacar que máis dunha quinta parte dos expedientes aprobados prevén a forestación con especies de coníferas e frondosas nos terreos ocupados por eucalipto con diámetro normal medio inferior a 10 cm, e nos terreos ocupados por acacia negra, mimosa e/ou falsa acacia. Así, 33 beneficiarios (6 deles na provincia da Coruña e 27 na de Pontevedra) prevén a actuación en terreos ocupados polas devanditas especies para a súa substitución, cun total de 129,81 hectáreas, unha cifra que está en liña coa da convocatoria anterior.

Así mesmo, unha novidade da convocatoria de 2022 era a posibilidade de que fosen obxecto das axudas terreos cubertos por masas mixtas de coníferas, frondosas e matogueiras, con diámetro normal medio conxunto inferior aos 10 cm, en que a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

superficie ocupada pola especie dominante non superase o 60 % da superficie total. De todas as solicitudes aprobadas, 4 (1 en Lugo e 3 en Pontevedra) prevén actuacións neste tipo de terreos, cun total de 10,48 ha.

Detalles das axudas

As axudas de forestación aprobadas en 2022 ascenden a un total de 4.441.861,25 euros para que 150 beneficiarios planten nunha superficie conxunta de 2.427,30 hectáreas. Destaca a provincia de Ourense con máis da metade do importe -2.668.444,13 euros, 64 expedientes e 1.508,37 ha de actuación-; séguela Pontevedra cun montante de 1.008.824,79 euros, 40 beneficiarios e 486,54 hectáreas; logo Lugo con 660.424,41 euros, 39 expedientes e 381,59 ha e, por último, A Coruña, con 7 beneficiarios dun total de 104.167,92 euros para plantar en 50,80 hectáreas.

Canto ao tipo de beneficiario, das 150 solicitudes aprobadas, o 88 % (en concreto, 132) corresponden a comunidades de montes veciñais en man común, cunha concesión conxunta superior de 4.203.837,38 euros para actuar en 2.298 ha. O resto son de agrupacións -cun total de 8 expedientes, 152.958,65 euros e 85 hectáreas- e de particulares de xeito individual -cun total de 10 beneficiarios, 85.065,22 euros e 44 ha-.

Cabe engadir que as superficies obxecto destas axudas teñen dereito a unha prima anual por hectárea para os custos de mantemento desas forestacións durante os seguintes cinco anos. Neste ano 2022, a convocatoria destas primas acadará os 4,5 millóns de euros.

A finalidade da convocatoria é fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas unicamente con coníferas e frondosas (dándolle máis prioridade a estas últimas), favorecendo o aumento tanto da diversidade como da superficie forestal arborizada, ao tempo que se reduce o risco de incendios mediante a valorización dos terreos forestais. Entre as coníferas que se promoven atópanse o piñeiro do país e o silvestre, mentres entre as frondosas se encontran o castiñeiro, o carballo, o ameneiro ou a sobreira.

Atendendo ao mercado no Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", nas liñas de fomento incluídas nesta orde de forestación séguense obxectivos programáticos fixados no propio plan relativos aos servizos ecosistémicos, á conservación da biodiversidade das masas e á xestión forestal sustentable coa mobilización e incremento da produtividade dos recursos forestais galegos.

Nos últimos sete anos, o número de beneficiarios destas convocatorias de axudas superou o milleiro e as hectáreas forestadas con frondosas e coníferas en terreos non

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agrícolas roldaron as 18.500 en toda Galicia. O orzamento disposto pola Xunta para estas forestacións superou os 33 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

